

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN
EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 1 DE AGOSTO DE 2014.**

Presidente:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

Concelleiros:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA Nº 30 DA SESIÓN
CELEBRADA O DÍA 21 DE XULLO DE 2014.**

Acordouse aprobar a acta Nº 30, de 21 de xullo de 2014, e ordenouse a súa transcripción ao libro de actas.

2.-EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

2.1.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA DO CONCELLO DE LALÍN (CO042014)**, mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 399.999,99 € máis a partida de 83.999,99€ correspondente ao IVE e un prazo de execución de 3 meses, e probar o proxecto básico e de execución correspondente.



2.2.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN SANTISO, ERBO, LEBOZÁN E OUTROS” (CO052014)**, mediante procedemento aberto, trámite urxente e varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 425.222,07 € máis a partida de 89.296,64€ correspondente ao IVE e un prazo de execución de 3 meses.

2.3.- Acordouse clasificar as proposicións presentadas na licitación denominada **“SERVIZO DE SUBSTITUCIÓN DOS GANDEIROS” (CSE092014)**, tramitado mediante procedemento negociado, trámite ordinario e un criterio de valoración, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de xullo de 2014, e requirir ao licitador **XUNCOGA S.C.G.**, para a presentación de diversa documentación e a constitución da garantía definitiva.

2.4.- Acordouse aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e o Programa de Traballo da obra denominada **“MELLORAS EN SISTEMAS DE DEPURACIÓN EN ZONA RURAL E ACONDICIONAMENTO PASEO FLUVIAL PONTIÑAS” (CO032014)**, redactado pola empresa Construcciones Rafer S.L.

3.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

3.1.- Acordouse a concesión de axudas para a celebración de festas parroquiais e para a realización de actividades culturais, educativas e dirixidas á xuventude para o ano 2014, segundo as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o pasado día 24 de marzo de 2014 e publicadas no BOP nº 65 de 3 de abril.

3.2.- Acordouse solicitar á Consellería de Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia a cesión en propiedade ao Concello de Lalín da parcela nº 188, Polígono 1, término municipal de Lalín, do expediente de Concentración Parcelaria de Vilatuxe, para ser destinada a dotacións “Equipamentos Públicos” e poder adicar a mesma a aparcadoiro de vehículos e servizos complementarios.

3.3.- Acordouse reintegrar a D. José Crespo Iglesias os gastos efectivamente realizados como consecuencia do desenvolvemento das funcións representativas propias do seu cargo.

3.4.- Acordouse aprobar a concesión de dúas axudas de inclusión social, de 150,00 euros, para sufragar gastos de primeira necesidade, que serán aboadas en efectivo.



Secretaría Xeral

3.5. Acordouse aprobar a concesión dun posto e a alta e liquidación para o exercicio 2014 pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica.

3.6. Acordouse autorizar a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía nº 12/2013, con carácter PROVISIONAL ata o 18/07/2016.

3.7. Acordouse contratar coa entidade **Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza**, con suxeición ao réxime dos contratos menores, realizar un contrato mixto de servizos e subministro para a posta en marcha do plan piloto de compostaxe na área rural, por importe de 16.064,00 euros (IVE incluído).

3.8. Acordouse aprobar as Bases reguladoras do programa de axudas municipais para a creación de empresas no Concello de Lalín.

4.- CORRECCIÓN DE ERROS.

4.1.- Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada o día 14 de xullo de 2014, no punto 7.9. Propostas dos Sres. Concelleiros Delegados.

4.2.- Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada o día 21 de xullo de 2014, no punto 7.2. Expedientes de contratación.

4.3.- Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada o día 21 de xullo de 2014, no punto 9.3. Propostas dos Sres. Concelleiros Delegados.

5.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

5.1.- Acordouse autorizar á produtora Setemedia Producciones Audiovisuales, para o estacionamento dunha furgoneta e un turismo na Praza da Igrexa e para a gravación dun videoclip da Orquesta Los Trovadores, para incluír no programa “*Vaia Troula*” que emite cada domingo a Televisión de Galicia día 4 de agosto de 2014, en horario de 12:00 a 20:00 horas.

5.2.- Deuse conta do escrito no que se comunica o vehículo que se adscribe á licenza de taxi número 12.

5.3.- Acordouse autorizar ao Centro Pastorale Adolescenti e Giovani Casa Serena de



Secretaría Xeral

Verona , a pernoctación dun grupo de 33 persoas no Pavillón Municipal, o día 10 de agosto de 2014, saíndo ás 9:00 horas do día seguinte.

=====

L

K

M

Ø